



Expediente núm.: 2643/2023

Informe Contratación

Procedemento: Procedemento de Contratación - "MODERNIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL".

Tipo de Informe: Borrador [] Provisional [] Definitivo []

INFORME CONTRATACIÓN

En relación co procedemento para contratación das actuacións de MODERNIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL e máis concretamente sobre os aspectos referidos ó procedemento de contratación, o Técnico que subscribe

INFORMA

PRIMEIRO. O proxecto consiste no subministro de equipamento preciso para modernización do Teatro Principal da Estrada. O importe da actuación acada os 43.573,80 € mais o 21% de IVE, o que fai un total de 52.724,30 €.

Segundo a súa natureza, atopámonos ante un **contrato de subministro.**

SEGUNDO. Procedemento de Contratación:

Aberto.

TERCEIRO. Clasificación:

Non procede

CUARTO. Habilitación profesional

Non procede.

QUINTO. División en lotes.

O art. 99 da LCSP establece a obriga da división en lotes salvo xustificación da inadecuación de tal división para un contrato. A división en lotes do contrato que nos ocupa dificultaría, dende un punto de vista técnico, a correcta execución do mesmo, ó tempo que suporía un risco debido á necesidade de coordinar as diferentes prestacións caracterizadas, no caso que nos ocupa, por unha dependencia de prelación e organización global, e incluso de utilización e compatibilización de medios auxiliares comúns para a instalación dos equipos.

O art. 99.b) da Lei de Contratos do Sector Público, recolle como excepción á división en lotes o motivo exposto.

Segundo o criterio do que subscribe, estaría xustificada a non división en lotes do contrato de "MODERNIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL".

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





SEXTO. Prazo.

O prazo de execución para o subministro e instalación dos equipos é de 1 mes dende a sinatura do contrato.

SÉPTIMO. CÓDIGO CPV.

32300000 -Receptores de televisión y radio, y aparatos de grabación o reproducción de sonido o imagen.
31000000 -Máquinas, aparatos, equipo y productos consumibles eléctricos; iluminación.
51313000 -Servicios de instalación de equipo de sonido.

É todo canto se informa para coñecemento do órgano de contratación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

